

Curdistán, a loita das mulleres pola súa emancipación

Escrito por Administradora

Venres, 18 Xaneiro 2019 12:43 - Modificado o Venres, 18 Xaneiro 2019 13:06

Para nós, o 9 de xaneiro, é un día pola memoria e a solidariedade coas activistas, abusadas, encarceradas, violadas e asasinadas. Un día para dicir xuntas que as súas loitas non foron e non son en balde. Mais tamén, fai seis anos do asasinato das activistas Sakine Cansiz, Fidan Dogan (Rojbîn) et Leyla Saylemez en París. Sen esquecer o asasinato en 2016, de Seve Demir organizadora da posta en marcha da Caravana Feminista para a IV Acción Internacional da Marcha Mundial das Mulleres en Nusaybin e membra do Partido Democrático das Rexións, Pakize Nayir, vicepresidenta da Asamblea Popular de Silopi, e Fatma Uyar, membra da Unión de Liberación das Mulleres. E moitas máis que non imos a recoller aquí.

A presenza da compañeira Necibe Qeredaxi do comité de Jineoloji de Europa trouxo con ela un maior achegamento á loita das mulleres curdas, proxectos para o futuro e a posibilidade de termos máis documentación sobre elas.

Aquí vos deixamos dous

documentos que nos achegan as compañeiras curdas para descargar

:

Tekmil: criando unha cultura de crítica construtiva. [

[Descargar](#)

]

Contra a división das cuestións sociais, o punto de vista de Jineoloji [

[Descargar](#)

]